
DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECEN AS ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE GRAO EN DESEÑO, REGULADAS NO REAL DECRETO 633/2010, DE 14 DE MAIO, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 28 de abril de 2011, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establecen as ensinanzas artísticas superiores de grao en deseño, reguladas no Real Decreto 633/2010, de 14 de maio, na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.- O Consello Escolar de Galicia propón un texto de adición para o punto 1 do artigo 2, que diga: “....., **así como os centros docentes privados autorizados para a súa impartición**”. (Páxina 3, liña 58).

2.- No artigo 5, punto 1, propónse a substitución do texto: “... o artigo 54.2 da Lei ...”; polo seguinte: “... o artigo 57.2 da Lei ...”. (Páxina 5, liña 106).

3.- No artigo 7, propónse a supresión do seguinte punto: “**2. Os centros educativos determinarán que disciplina ou disciplinas haberán de impartirse nunha lingua estranxeira para garantir a adquisición da competencia transversal correspondente, seguindo as directrices que a tal fin estableza a Consellería competente en materia de educación**”. (Páxina 8, liñas 168 a 172).

4.- Na disposición adicional segunda, punto 2, propónse que se engada o texto que figura en negriña: “**2. Asemade, a Consellería competente en materia de Educación, a proposta dos centros, desenvolverá plans de formación do profesorado para a actualización e afondamento das disciplinas propias do Deseño nos seus diferentes ámbitos, así como formación concreta en galego, con coñecemento do vocabulario específico**”. (Páxina 11, liña 241).

5.- Na disposición adicional quinta, propónse un texto de adición ao final do parágrafo co seguinte texto: “**mantendo os cadros de persoal actuais ou aumentándoos**”. (Páxina 12, liña 265).

6.- No apartado de competencias transversais do Título de Graduado ou Graduada en Deseño, competencia T.17, propónse a inclusión do texto que está en negriña: “ T.17. Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural **galego e universal**, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos”. (Páxina 15, liña 339).



7.- O Consello Escolar de Galicia propón que se contemple nos planos de estudo das catro especialidades as materias de formación básica co mesmo número de créditos, a mesma denominación e situadas no mesmo curso.

8.- Tamén propón que se inclúa na materia Linguaxe e técnicas de representación e comunicación a disciplina (ou disciplinas independentes) de fotografía e medios audiovisuais en todas as especialidades, en primeiro curso ou noutro curso.

O Secretario

José Alejo Losada Aldrey

V. e pr.
O Vicepresidente



Fernando del Pozo Andrés